O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE REÚNESE EN LUGO PARA MANTER UN ENCONTRO DE TRABALLO COA DELEGACIÓN ESCOCESA DO PROXECTO REHEAL DE COMPRA PÚBLICA PRECOMERCIAL SOBRE CADEAS DE SUMINISTRO CIRCULARES

CONTIDOS RELACIONADOS

REHEAL

- *O Servizo Galego de Saúde da man da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde participan no proxecto REHEAL para a adquisición de solucións innovadoras de cadeas de suministro circulares na modalidade de Compra Pública Precomercial.*
- *O proxecto ten unha duración de 4 anos e un orzamento total de 7,3 millóns de euros liderado pola Universidade de Edimburgo.*

Lugo, 20 de xaneiro de 2026.- No marco do proxecto REHEAL o equipo técnico multidisciplinar do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde reuniuse no Hospital Universitario de Lugo cunha delegación escocesa para coñecer as instalacións e necesidades da área sanitaria luguesa no eido das cadeas de subministro sanitarias circulares que o proxecto pretende abordar a través da Compra Pública de Innovación (CPI).

Na reunión participaron o director da área de Desenvolvemento en Innovación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), José María Romero, a coordinadora da estratexia de economía circular do SERGAS, Beatriz Piñeiro de GALARIA xunto coa xefa de consultaría da citada empresa pública, Cristina Enjamio, e como anfitrión estivo liderada polo subdirector de recursos económicos da área sanitaria de Lugo, a Mariña e Monforte de Lemos, Juan Francisco Ínsua xunto con persoal doutros servizos da área sanitaria.

O obxectivo do proxecto é potenciar a través da Compra Pública Precomercial (CPP) modelos orientados á economía circular para poder mellorar a xestión de produtos e materiais mellorando o medio ambiente en consonancia cos obxectivos do Pacto Verde da UE. REHEAL combina 5 compradores sanitarios europeos de vangarda con experiencias previas de experimentación como os Living Labs para poder probar e testar as solucións innovadoras que desenvolva o proxecto.

A reunión celebrada hoxe permitiu avanzar na proposta de licitación Precomercial do proxecto prevista cun orzamento de 3,5 millóns de euros. Cabe destacar que está previsto a presentación pública da Consulta Preliminar ao Mercado nun acto conxunto na Consellería de Sanidade o vindeiro 18 de febreiro. No marco do proxecto xa saíu no portal de contratos da Unión Europea o anuncio da futura licitación e CPM: https://ted.europa.eu/en/notice/-/detail/850409-2025

A Universidade de Edimburgo coordina o proxecto e ten como socios, ademais do SERGAS e a ACIS, o Servizo Nacional de Escocia (NSS) e o Goberno Escocés (Reino Unido), a rexión de Hovedstaden (Dinamarca), a Fundación Clúster de Ciencias da Vida Cracovia – KLSK (Polonia), o Hospital MITERA (Grecia), e o consorcio europeo EIT Digital. Desta forma representará a 261 hospitais e centros sanitarios, a uns 300,000 profesionais sanitarios e case a 17 millóns de cidadáns.

O SERGAS a través da ACIS é referente en Compra Pública Innovadora a nivel

europeo con experiencia no eido da metodoloxía de Living Labs o que posiciona a Galicia como axente clave para colaborar en proxectos europeos de innovación sanitaria, facilitando unha implantación de solucións pioneiras centradas nas necesidades de profesionais e pacientes.